

NOTA DE PRENSA

Un estudo da USC revela que a renda familiar por habitante en Galicia oscila entre os 7.000 e os 10.000 euros, moi por debaixo das rexións europeas máis avanzadas

Os seus autores aseguran que a renda pode duplicarse se se mellora o nivel educativo da poboación, se ofrecen máis oportunidades laborais e se incrementa o gasto en investigación

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2007 (Vía Láctea Comunicación).- Un equipo de investigadores da Universidade de Santiago está a analizar a evolución da renda e o emprego nos sectores de servizos de Galicia, tanto a escala rexional como provincial e comarcal, en comparación co conxunto de España e con outros países. O estudo presenta suxestións de interese para a dinamización económica das comarcas galegas, tendo en conta o importante papel que a industria e o turismo teñen sobre o desenvolvemento dos sectores de servizos.

A coordinadora deste estudo é a catedrática **Carmen Guisán Seijas**, do Departamento de Econometría da USC. Explica que están a analizar os sectores da hostelería, o comercio, o transporte e o turismo en Galicia; dende o punto de vista do emprego, o impacto económico e a distribución territorial.

Para que Galicia se achegue á renda nacional, debería aumentar o valor engadido da industria, co fin de desenvolver a construción e os servizos

O equipo estudou a renda real por habitante dos sectores do comercio, a hostelería e os transportes, así como outros sectores produtivos de Galicia, en comparación con España e Estados Unidos. Tal como sinala a profesora **Guisán**, “observamos que Galicia se sitúa por debaixo do nivel de España e España moi por debaixo do nivel de Estados Unidos”. A investigadora manifesta que “para que Galicia se achegue ao nivel de España, e España ao nivel dos países máis avanzados, é imprescindible que aumente o valor engadido da industria, xa que en xeral é necesario para que poidan desenvolverse a construción e os servizos”.

Segundo os datos aportados polos investigadores da Universidade de Santiago, a renda familiar real por habitante das comarcas galegas oscila entre os 7.000 e os 10.000 euros, e, polo tanto, está moi por debaixo da que corresponde ás rexións europeas máis avanzadas. A catedrática **Carmen Guisán** asegura que existen posibilidades de duplicar esta renda, pero “para isto Galicia debe achegarse aos niveis dos países máis adiantados de Europa, co fin de incrementar o nivel educativo medio da súa poboación, dar oportunidades laborais aos traballadores en xeral e aos que teñen unha maior cualificación en particular”. Tamén destaca a necesidade de incrementar o gasto en investigación nas universidades, que na actualidade está na quinta parte ou menos do que sería normal nos países máis avanzados.

Nos últimos anos só aumentaron a súa poboación a Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Baixo Miño, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo

En segundo lugar, os investigadores analizaron o incremento da poboación nas comarcas galegas entre os anos 2000 e 2005. Segundo os resultados obtidos polo equipo, nas comarcas da provincia da Coruña neste período só experimentaron incrementos superiores ao 5% as da Coruña e Santiago. Os maiores descenso sufríronos as comarcas que diminuíron a súa poboación en máis dun 5%, que se corresponden con Muros, Ortegal, Melide e Xallas.

Respecto á provincia de Lugo, a única comarca con crecemento da poboación é a de Lugo, cun 3.05%. Polo contrario, tiveron un descenso de máis dun 5% as comarcas de Chantada, A Fonsagrada, Meira, Quiroga, Terra Chá e A Ulloa.

Na provincia ourensá só a comarca de Ourense experimentou un crecemento da poboación do 1.5%. Decreceron en máis dun 10% Terra de Caldelas, Terra de Trives e Viana. Pola súa parte, diminuíron en máis dun 5% e menos dun 10% as comarcas da Baixa Limia e Terra de Celanova.

A provincia de Pontevedra experimentou unha evolución positiva en seis comarcas, con crecementos superiores ao 5% no Baixo Miño e O Condado; e menores do 5% no Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo. Só catro comarcas desta provincia sufriron un descenso da poboación: menor do 1% en Caldas, menor do 3% en Tabeirós-Terra de Montes, maior do 4% en Deza e maior do 6% na Paradanta.

A comarca da Coruña xerou 8.768 empregos máis do agardado e a de Vigo 11.278; mentres que a de Ferrol xerou 3.208 empregos menos do previsto

Por último, os investigadores analizaron a relación entre o incremento da poboación e o incremento do emprego nas comarcas galegas. Tal como explica a profesora **Guisán**, o indicador de emprego ten unha gran influencia no incremento da poboación. “Observamos que as comarcas que tiñan unha maior poboación en 2000 son tamén as que experimentaron maiores crecementos do emprego no período 2002-2005”.

Só tres comarcas se apartan claramente do comportamento xeral. A da Coruña xerou 8.768 empregos máis do agardado e a de Vigo 11.278 empregos máis do previsto. Polo contrario, a comarca de Ferrol xerou 3.208 empregos menos do agardado.

A maioría das comarcas galegas precisan dun plan de industrialización

Guisán declara que “dado que a industria é en xeral o motor do emprego, ao xerar non só emprego directo senón tamén numerosos empregos indirectos na construción e os servizos, está claro que a maioría das comarcas de Galicia precisan dun plan de industrialización adaptado ás circunstancias medioambientais e ao capital humano”. A catedrática da USC afirma que “Galicia ten mellorado dende o ano 2000, pero a maioría das súas comarcas teñen pouco dinamismo económico”. Asegura que “existen moitas medidas que poden potenciar ese dinamismo, en particular as relacionadas co desenvolvemento industrial, o capital humano e as potenciadoras do emprego”.